



Conservación da Natureza dicta unha resolución que excepcionalmente permite cazar ca taxa da Licencia de Caza e unha licencia de anos anteriores

Dados os problemas existentes nas últimas semanas para a expedición das LICENZAS DE CAZA DE GALICIA, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza dictou unha Resolución que ven de publicarse no D.O.G. nº 199, no día de hoxe (14/10/2008), pola que se habilita de xeito excepcional para poder cazar coa Taxa da Licenza de Caza (que se abona nas entidades bancarias), a cal deberá acompañarse dunha licencia de caza de anos anteriores.

Unha vez restablecido o problema informático cos bancos colaboradores (Caixa Galicia, Caixanova e Bco Pastor), que se anunciará nos medios de comunicación, coa mesma taxa aboada previamente no Banco os cazadores deberán dirixirse ás Entidades Bancarias para obte-la licenza de caza.

Pode ver esta resolución neste mesmo documento.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

Crédito orzamentario: 45.000 €.

Finalidade dos premios: premiar a implementación do desenvolvemento sustentable no ámbito do ensino público, amosando unha mellora para o ambiente e para o contorno en xeral, nos termos que se recollen na base terceira da orde.

Relación de beneficiarios e premios concedidos:

Centros educativos públicos de niveis non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: ver anexo.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2008.

Emilio M. Fernández Suárez
Director xeral de Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Relación de beneficiarios e premios concedidos

CIF	Centro educativo	Axuda
Q-8255194-F	CEIP Pena Corneira	1.000 euros
Q-8255053-D	IES Eduardo Blanco Amor	1.000 euros
Q-7750015-E	IES Fonmiñá	1.000 euros
Q-7755110-I	CEIP Virxe do Carme	1.000 euros
Q-6555034-E	CEIP San Marcos	1.000 euros
Q-7755211-E	IES Poeta Díaz Castro	1.000 euros
Q-8665269-B	IES A Sangriña	1.000 euros
Q-6555391-I	CEIP de Louro	1.000 euros
Q-8255144-A	CEIP Condese de Fenosa	1.000 euros
Q-6555655-G	IES Fontexería	1.000 euros
Q-655528-F	CEIP O Ramo	1.000 euros
S-3600008-A	IES de Valga	1.000 euros
Q-7750005-F	IES Lama das Quendas	1.000 euros
Q-1500268-F	IES de Fene	1.000 euros
Q-6555270-E	IES Concepción Arenal	1.000 euros
Q-8655200-G	CIFP A Granxa	1.000 euros
Q-8255207-F	CPI Antonio Failde	1.000 euros
Q-8655577-H	IES Laxeiro	1.000 euros
S-8600088-B	IES de Pontecaldelas	1.000 euros
Q-8255023-G	IES Lauro Olmo	1.000 euros
Q-8255169-H	CEIP Julio Gurriarán	1.000 euros
Q-8255145-H	CEIP Ramón Otero	1.000 euros
Q-8655218-I	CEP de Espedregada	1.000 euros
Q-8655073-H	CEIP A Reigosa	1.000 euros
Q-7755001-J	CEIP Santo Estevo de Parga	1.000 euros
Q-8255062-E	IES Martaguisela	1.000 euros
Q-6555835-E	IES de Viós	1.000 euros
Q-2768016-D	CPI Dr. López Suárez	1.000 euros
Q-6855010-J	CEIP Antonio Blanco Rodríguez	1.000 euros
Q-8655454-J	CEIP Baño-Xanza	1.000 euros
Q-8655064-G	CEIP Manuel Cordo Boullosa	1.000 euros
Q-8655086-J	CEIP de Lourido	1.000 euros
Q-8655171-J	CEIP de Viñas	1.000 euros
Q-8655054-H	CEIP Isidora Riestra	1.000 euros
Q-65550050-F	IES As Insuas	1.000 euros
Q-7755004-D	CEIP Lagostelle	1.000 euros
Total (aplicación orzamentaria 15.04.541E.640.5)		36.000 euros

Resolución do 10 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se habilita de xeito excepcional e temporal, a expedición das licenzas de caza na Comunidade Autónoma de Galicia.

A tenza de licenza de caza en vigor é un dos requisitos que a Lei 4/1997, de caza de Galicia, exige para poder cazar (artigo 45.1º).

O artigo 45.1º do Regulamento para a aplicación da Lei 4/1997, aprobado polo Decreto 284/2001, permite a obtención das citadas licenzas nas entidades bancarias ou outras institucións, logo do convenio destas coa administración autonómica.

Un fallo técnico xurídico na pasarela de comunicación entre os equipos informáticos das entidades bancarias e a Xunta de Galicia impide a expedición normal das licenzas polo procedemento establecido.

Dada a proximidade da apertura do período hábil de caza e o elevado número de licenzas que hai que expedir nos próximos días, cómpre que, de xeito excepcional e ata o restablecemento da normalidade nas comunicacións, se permita o exercicio da actividade cinexética portando unha licenza de anos anteriores xunto coa xustificación bancaria de ter aboadas as taxas da nova licenza en calquera sucursal bancaria autorizada.

Unha vez restablecido o servizo normal de expedición de licenzas, o que se anunciará debidamente a través dos medios de comunicación, deberase retirar a licenza nova nas mesmas entidades bancarias, logo da presentación do recibo do pagamento da taxa.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2008.

Xosé Benito Reza Rodríguez
Director xeral de Conservación da Natureza

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Corrección de erros.-Resolución do 1 de setembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas e subvencións ao sector escénico e musical para o 2008, convocadas pola Resolución do 18 de decembro de 2007, pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para o 2008.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG número 188, do luns 29 de setembro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 17.756, columna esquerda, na data da resolución, onde di: «Resolución do 1 de setembro de 2008», debe dicir: «Resolución do 18 de setembro de 2008».

Na páxina 17.756, columna dereita, na data da resolución, onde di: «Santiago de Compostela, 1 de